

O TRASNO E O BUFO



Había unha vez un trasno chamado Quique que vivía nun cogomelo de chocolate do bosque. Preto da súa casa pasaba o río Eume de augas azuis e transparentes. Todas as mañás o trasno atravesaba o río para comprar comida no mercado do bosque. Gustáballe moito falar cos seus amigos, o oso Carniceiro, a londra Peixeira, o cuco Cantor e o lobo Panadeiro.

Un día o trasno coñeceu un novo animal do bosque que viaxara moito por todo o mundo, era un bufo moi sabio chamado Sabiondo.

O trasno e o bufo fixéronse moi amigos e todos os días reuníanse na casa de chocolate para xogar ao xadrez.

Teresa Briz Amate

Francisco Briz Amate

LECTURA COMPRESIVA:

1- Onde vivía o trasno?

2 - Que había preto da súa casa?

3 - Onde compraba o trasno a comida?

4 - Que animal era o panadeiro?

5 - Que novo animal chegou ao bosque?

6 - Eran amigos o trasno e o bufo?

7 - Por onde viaxaba o bufo?

8 - Como era o bufo?

9 - A que xogaban o trasno e o bufo?

10 - Debuxa o conto.